



PREGUNTAS FRECUENTES: Complemento de recoñecemento á excelencia curricular docente e investigadora.

1. ¿Quién pode solicitar o complemento de recoñecemento á excelencia curricular docente e investigadora?

Os profesores funcionarios e contratados doutores pertencentes ó Sistema Universitario de Galicia.

2. ¿Existe un período mínimo de actividade docente e/ou investigadora para poder solicitar este complemento?

SI. O solicitante debe ter recoñecidos dous quinquenios de docencia por parte das universidades públicas e un sexenio de investigación pola Comisión Nacional Evaluadora de la Actividad Investigadora (CNEAI).

3. ¿Cáles son os prazos para a presentación das solicitudes?

O prazo para a presentación de solicitudes será o que se estableza na convocatoria e contarase dende o día seguinte ó da publicación da correspondente resolución no DOG.

4. ¿Cómo se deben cumprimentar as solicitudes?

As solicitudes **deberán cumprimentarse telematicamente** a través da Web: www.acsug.es. Sen embargo, unha vez cuberta, a solicitude deberá imprimirse (**anexo III e IV** da convocatoria) **firmarse e presentarse ante os rexistros** relacionados no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, así coma nos rexistros de calquera das universidades integrantes do Sistema Universitario de Galicia. A efectos de axilizar a tramitación das solicitudes, recoméndase a presentación ante os rexistros das universidades.

5. ¿Cál é a documentación que debo aportar e cómo debo aportala?

Deberá presentar:

- Fotocopia do documento acreditativo da identidade do solicitante (DNI ou equivalente).
- Documentación acreditativa dos méritos curriculares presentados.
- Documentación acreditativa, no seu caso, do desfrute do permiso por baixa maternal/paternal no período 2005/2009.
- Currículo Vitae completo en calquera dos formatos existentes (ANEP, Dirección Xeral I+D, etc.) .

Dita documentación deberá achegala preferentemente de forma telemática (nese caso non será necesaria a súa presentación en papel). De non presentarse telematicamente, deberá achegarse coa instancia impresa.

A xustificación debe ser a necesaria para permitir avaliar axeitadamente a calidade do mérito aportado e dependerá do tipo de mérito que se aporte.

6. As copias da documentación que se aportan coa solicitude e anexo, ¿teñen que estar compulsadas?

Non é preciso que as copias que se presenten estean compulsadas, xa que se recomenda a presentación telemática dos méritos. Ademais, na solicitude débese firmar unha declaración responsable da veracidade dos datos e de toda a documentación aportada asumindo, no caso contrario, as consecuencias que se deriven das inexactitudes que consten.

7. ¿Debo xustificar a concesión de quinquenios e sexenios?

Non. As universidades certificarán, baixo petición da ACSUG, que os datos reflectidos na solicitude son certos.

8. ¿Cómo adxunto a documentación telemática?

A aplicación informática conta cuns espazos habilitados para poder achegar os documentos:

Xustificante:

Sempre que queira gardar, adxunte de novo o ficheiro

Debe saber que cada documento pode ter **como moito unha capacidade de 2 MEGAS**, co cal, si o seu arquivo ten una capacidade superior deberá baixar a súa resolución ou non se achegará correctamente. O nome do ficheiro non debe ter espazos en branco, eñes nin tiles.

No momento de xerar a instancia comprobe que no borrador figuran reflectidos os nomes dos documentos dixitais que se remitiron telematicamente; no caso de que non aparezan na instancia, deben reenviarse telematicamente ou incluír unha copia en papel dos mesmos xunto coa solicitude.

9. ¿Qué anos se van avaliar en cada convocatoria?

Avaliaranse os méritos acadados durante os últimos cinco anos naturais PREVIOS A ESTA SOLICITUDE. Sen embargo, na primeira solicitude poderanse alegar tódolos quinquenios de méritos docentes e sexenios de méritos de investigación acadados ata ese momento de xeito que se consoliden na avaliación básica, para que en sucesivas convocatorias só teñan que alegarse os concedidos posteriormente.

10. ¿Qué ocorre se durante o período avaliable disfrutei dun permiso maternal/paternal?

Neste caso, e sempre que se xustifique, poderanse incorporar méritos realizados nun período de idéntica duración ó do referido permiso e inmediatamente anterior ó período avaliado. Por exemplo: se disfrutei de catro meses de permiso por maternidade/paternidade, e me están tendo en conta os méritos quinquenais do

período 2005-2009, poderei incorporar méritos realizados durante os meses de setembro a decembro do 2004.

11. ¿Cántos méritos e de que tipo se poden presentar?

Para realizar a avaliación adicional teranse en conta un máximo de seis méritos en cada un dos apartados: docente e investigador (**neste último caso ademais, aplicarase un máximo de catro méritos correspondentes ó apartado da actividade investigadora e un máximo de catro no de transferencia e divulgación do coñecemento**). Na avaliación e na valoración final teranse en conta a calidade e a importancia dos méritos alegados, polo cal, nin a presentación de menos de seis méritos supón unha avaliación negativa nin, a sensu contrario, a presentación máxima de seis méritos en cada apartado implica a obtención da máxima puntuación.

12. Dos méritos que presento, ¿cómo podo coñecer os indicios de calidade que se van a ter en conta na avaliación e o seu modo de xustificación?

Poñemos á súa disposición unha **"Guía"** coas características dos méritos que se valoran e o seu modo de xustificación. Atoparana na nosa Web (ou ben na nova relativa ao complemento ou ben no *banner* de acceso directo chamado: *Complementos retributivos*).

13. ¿Cántos tramos poden obterse?

O número máximo de tramos será de **catorce**, dos cales, **nove** serán resultado da valoración básica e cinco da adicional.

14. No caso de concesión de avaliación positiva e asignación do complemento pola correspondente universidade, ¿debo volver solicitar o complemento en anos sucesivos?

Mentres que os tramos acadados na valoración básica son consolidables, os correspondentes á valoración adicional caducan ós cinco anos, polo que transcorrido dito período, deberá presentarse unha nova solicitude de avaliación se se quere seguir percibindo a retribución económica correspondente a esta parte do complemento.

15. ¿Teño que esperar obrigatoriamente cinco anos para poder presentarme a unha nova convocatoria destes complementos retributivos?

NON. Existe tamén a posibilidade de presentar unha nova solicitude de reavaliación, transcorridos un mínimo de tres anos dende a obtención da anterior. Nese caso, será requisito indispensable a adquisición en dito período de novos méritos alegables como puntuación básica (é dicir, ter obtido un novo quinquenio de docencia ou un novo sexenio de investigación).

16. ¿Qué efectos ten o sometemento a unha reavaliación transcorridos tres ou catro anos dende a primeira convocatoria á que me presente?

a) En primeiro lugar, isto suporá someter todo o seu expediente a unha nova avaliación (básica e adicional).

b) Como consecuencia do anterior, deberá presentar os méritos que considere apropiados para ser avaliados (méritos docentes e méritos de investigación) pertencentes ao período de cinco anos que se recolle na convocatoria.

c) De non presentar ningún mérito relativo á valoración adicional pero sí á puntuación básica a ACSUG considerará, a tódolos efectos, que vostede esta solicitando unha reavaliación do seu expediente. Neste caso, sumará a puntuación correspondente na parte consolidable pero, a súa puntuación adicional será de **cero** puntos, perdendo polo tanto a puntuación adicional que lle fora outorgada na anterior convocatoria.

17. ¿Cándo me podo volver presentar tras unha reavaliación?

Se se presenta a unha reavaliación do expediente, comezará de novo o ciclo dos tres anos como mínimo ou cinco como máximo.